



# NORMA DE CALIDADE PARA A PLANTA ORNAMENTAL DE GALICIA

# NORMA DE CALIDADE PARA A PLANTA ORNAMENTAL DE GALICIA



Fundación  
Juana de Vega



XUNTA  
DE GALICIA

## **EQUIPO REDACTOR**

### **Coordinador:**

Juan López Pérez. Enxeñeiro Técnico Agrícola (Fundación Juana de Vega).

### **Asesoramento técnico e científico:**

Pedro Calaza Martínez. Dr. Enxeñeiro Agrónomo.

Eusebio López Redondo. Enxeñeiro Técnico Agrícola.

### **Representantes da comercialización:**

Manuel Ángel Rodríguez Teijo. Enxeñeiro Técnico Agrícola (Plant Plus).

### **Produtores:**

Óscar Engroba Sal. Enxeñeiro Técnico Agrícola (Estelas da Terra).

Santiago Ramos Rodríguez. Enxeñeiro Técnico Agrícola (ASPROGA).

### **Xunta de Galicia:**

María Jesús Fanjul Alonso. Enxeñeira Agrónoma.

Ricardo Rivas Barros. Enxeñeiro Agrónomo.

Jesús Collar Urquijo. Enxeñeiro Agrónomo.

José Ramón Pedreira Dono. Enxeñeiro Técnico Agrícola.

### **Ilustracións:**

María Álvarez Hortas. Ilustradora.

### **Edición:**

Fundación Juana de Vega.

ISBN: 978-84-608-8004-2

DEPÓSITO LEGAL: C 724-2016

### **Realización gráfica:**

Xaniño - Comunicación Gráfica.



# ÍNDICE

<b>Introdución</b> .....	5
<b>1. Condicións Xerais para a Planta Ornamental de Galicia</b> .....	7
1.1 Requisitos Técnicos e de Calidade .....	7
1.2 Sanidade .....	7
1.3 Sistema Radicular .....	7
1.4 Crecemento .....	8
1.5 Comercialización .....	9
1.6 Etiquetaxe .....	9
1.7 Codificación .....	11
1.8 Clasificación .....	14
1.9 Definicións .....	15
<b>2. Árbores Latifolias</b> .....	20
2.1 Características Xerais .....	20
<b>3. Coníferas</b> .....	29
3.0 Especificacións Xerais .....	29
3.1 Especificacións Particulares .....	29
3.2 Tipos de Coníferas Producidas en Galicia .....	30
3.3 Condicións de Arrancado .....	36
3.4 Terrón con Tea de Saco .....	37
3.5 Pór en Testo no Campo .....	37
3.6 Diámetros de Contedores .....	37
<b>4. Arbustos</b> .....	38
4.1 Forma Globosa .....	39
4.2 Forma Rastreira .....	39
4.3 Forma Ramificada .....	40

4.4 Forma Cónica .....	40
4.5 Forma Columnar .....	41
4.6 Forma Péndula .....	41
<b>5. Camellia, Rhododendron e Azalea .....</b>	<b>42</b>
5.1 Características Específicas .....	43
5.2 Rhododendron .....	45
5.3 Azalea .....	48
<b>6. Palmeiras .....</b>	<b>50</b>
<b>7. Plantas Rubideiras .....</b>	<b>52</b>
7.1 Plantas Rubideiras de Crecemento Rápido .....	52
7.2 Plantas Rubideiras de Crecemento Medio .....	53
7.3 Plantas Rubideiras de Crecemento Lento .....	54
<b>8. Bambús, Herbas Ornamentais e Fentos .....</b>	<b>55</b>
8.1 Bambús .....	55
8.2 Herbas Ornamentais .....	57
8.3 Fentos .....	58
<b>9. Plantas Exemplares e Topiaria .....</b>	<b>60</b>
<b>Bibliografía .....</b>	<b>62</b>
<b>Anexos .....</b>	<b>63</b>
Anexo 1. Fitopatoloxía .....	64
Anexo 2. Planta Ornamental de Galicia .....	78
Anexo 3. Ficha de control de calidade .....	101



# INTRODUCCIÓN



Como noutros ámbitos do sector primario galego, a forte atomización e a falta de asociacionismo provoca dificultades para competir e de acceso aos mercados exteriores, aínda que Galicia conta cunha vantaxe competitiva importante que vén determinada polas condicións climáticas e edafolóxicas. O potencial de Galicia para a produción de planta ornamental está por riba da maioría do territorio nacional e internacional, debido ao rápido crecemento vexetativo e á rusticidade da planta, aspecto este moi valorado polo mercado.

Esta falta de asociacionismo e de concentración do sector está a dificultar a comercialización e provocando que non se poidan satisfacer grandes volumes de planta demandados por países europeos pola falta de homoxeneidade do produto.

## **OBXECTIVOS**

O obxectivo inicial deste traballo é a elaboración dunha norma de calidade para a planta ornamental producida en Galicia, que permita homoxeneizar a planta producida en distintos viveiros.

Este primeiro obxectivo, unha vez conseguido, permitirá:

- Elaborar un catálogo de producións.
- Inclusión das producións de planta ornamental de Galicia nas bases de datos de construción e arquitectura da paisaxe.
- Establecer unha marca de garantía **“PLANTA ORNAMENTAL DE GALICIA”**.



# CONDICIÓN XERAIS PARA A PLANTA ORNAMENTAL DE GALICIA

## **1.1 REQUISITOS TÉCNICOS E DE CALIDADE**

- 1.1.1 Para a comercialización de plantas reguladas por esta normativa débense cumprir as especificacións do presente documento.
- 1.1.2 As plantas protexidas por dereitos do obtentor deben etiquetarse de acordo coa convención da UPOV (Unión Internacional para a Protección das Obtencións) e o Regulamento CE nº 2100/94 do Consello, de 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais e as modificacións posteriores.
- 1.1.3 Todas as plantas designaranse co seu nome botánico, segundo International Plant Name (<<http://www.internationalplantnames.com/> 2013>).
- 1.1.4 As variacións ás especificacións desta norma deben ser acordadas e estipuladas separadamente polo órgano competente, representantes do sector e a administración.

## **1.2 SANIDADE**

- 1.2.1 As plantas deben estar sas e libres de enfermidades, pragas evidentes e plantas adventicias. As follas deben estar exentas de manchas foliares e defectos significativos.
- 1.2.2 Todo o material vexetal presentará un punto de etiquetaxe e cumprirá coa lexislación vixente en sanidade vexetal.

## **1.3 SISTEMA RADICULAR**

- 1.3.1 O sistema radicular debe estar ben desenvolvido e proporcionado á especie/variedade/variedade cultivada homoxénea, á idade e ás condicións do chan.
- 1.3.2 Non debe mostrar ningún dano fisiolóxico nin ningunha raíz estrangulante (SGR) nin estrangulada preto do colo da planta.



- 1.3.3 Nas fases do manexo ou do transporte de plantas de raíz espida, débense tomar as precaucións necesarias para evitar a deshidratación destas.
- 1.3.4 As plantas en colector e en testo deben ser cultivadas no colector ou no testo o tempo suficiente para que o crecemento das raíces penetre substancialmente no medio de cultivo, pero sen espiralizarse. O enraizamento debe ser equilibrado en relación ao tamaño do colector/testo.
- 1.3.5 As plantas recentemente postas no testo non se poden considerar cultivadas en testo/colector, e deben ser denominadas como “recentemente postas no testo” (“freshly potted”, “plantes mises en conteneur” ou “faux-conteneur”)<sup>1</sup>.
- 1.3.6 Os terróns deben ser firmes e sólidos, e conter un bo sistema radicular en todo o seu interior. Deben estar protexidos cun sistema que evite a súa degradación.
- 1.3.7 A dimensión do terrón debe ser proporcional á estrutura e tamaño da planta, a forma de crecemento e as condicións do chan. Ademais, os terróns das plantas exemplares deben estar protexidos con malla metálica ou cestos de metal sen galvanizar ou con caixas de madeira.
- 1.3.8 A tea de saco, as mallas e arames metálicos deben fabricarse con materiais biodegradables que se descompoñan antes de que poidan causar calquera dano á planta.
- 1.3.9 Os testos de reixa quedan excluídas da presente norma.

## **1.4 CRECIMENTO**

- 1.4.1 A altura, anchura, lonxitude, número de ramas e tipo de follaxe deben ser os apropiados ao porte total da planta e á idade das especies/variedades. Se é necesario, tamén se pode aplicar ao equilibrio entre padróns e variedades, ao talo e á copa.

---

<sup>1</sup> ENA. 2010. European technical & quality standards for nurserystock. Edition 2010. [www.enaplants.eu](http://www.enaplants.eu)



- 1.4.2 Os talos e as ramas non deben mostrar ningún dano fisiolóxico que poida ser prexudicial para a aparencia das plantas ou o seu desenvolvemento posterior.
- 1.4.3 Os tamaños deben ser acordes ao porte da especie / variedade / variedade cultivada homoxénea, utilizando a anchura para plantas de crecemento horizontal e a altura para plantas de crecemento vertical.
- 1.4.4 Para especies/variedades/variedades cultivadas homoxéneas de porte anano débese especificar a anchura (diámetro, Ø) ou a altura da planta.
- 1.4.5 Os enxertos deben estar ben soldados.
- 1.4.6 As **plantas tapizantes** deben ter as ramificacións propias da variedade. Clasifícanse segundo a anchura (diámetro, Ø) e/ou o número de ramas. Para aquelas que se miden polo ancho, o tamaño calcúlase como a media da extensión das ramas laterais.

## 1.5 **COMERCIALIZACIÓN**

- 1.5.1 Cada partida de plantas debe fornecerse cunha etiqueta de lote indeleble citando como mínimo: nome botánico das plantas, cantidade e especificación que corresponden á factura.
- 1.5.2 Na comercialización do arboredo, débese marcar cada tamaño cunha cor atendendo ás directrices especificadas no punto 1.6.
- 1.5.3 A unidade básica de trazabilidade, desde a orixe, será o lote, salvo no caso de exemplares individuais que se marcarán un por un.
- 1.5.4 Lote: unidade de saída de envío de plantas comercializadas con plantas de parámetros uniformes, que pode ser identificada ao pórse no mercado con similares características.

## 1.6 **ETIQUETAXE**

Marcarase a orixe da planta segundo a procedencia (semente, gallo, “in-vitro” e enxerto), aplicando a codificación seguinte (extraído das Normas Europeas de Calidade para as Plantas de Viveiro).



### 1.6.1 LATIFOLIAS.

Táboa número 1. Código de cores para a etiquetaxe de árbores latifolias en función do perímetro medido a 100 cm sobre o nivel do chan.

5- 6 branca	12-14 branca	20-25 branca	40-45 branca
6- 8 azul	14-16 azul	25-30 azul	45-50 azul
8-10 amarela	16-18 amarela	30-35 amarela	
10-12 vermella	18-20 vermella	35-40 vermella	

A partir do calibre 50 repetirase a serie de cores (branca-azul-amarela-vermella) exposta na táboa anterior.

### 1.6.2 CONÍFERAS.

#### 1.6.2.1 Coníferas, porte anano ou arbustivo (baixas/compactas):

Táboa número 2. Código de cores para a etiquetaxe de coníferas de porte anano ou arbustivo en función da altura ou anchura (a maior).

12-15 branca	30-40 branca	70-80 branca	125-150 branca
15-20 azul	40-50 azul	80-90 azul	150-175 azul
20-25 amarela	50-60 amarela	90-100 amarela	175-200 amarela
25-30 vermella	60-70 vermella	100-125 vermella	

A partir de 200 cm. repetirase a serie de cores (branca-azul-amarela-vermella) exposta na táboa anterior.

#### 1.6.2.2 Coníferas, porte erecto:

Táboa número 3. Código de cores para a etiquetaxe de coníferas de porte erecto en función da altura desde o nivel do chan.

30-40 branca	70-80 branca	125-150 branca	225-250 branca
40-50 azul	80-90 azul	150-175 azul	250-275 azul
50-60 amarela	90-100 amarela	175-200 amarela	275-300 amarela
60-70 vermella	100-125 vermella	200-225 vermella	

A partir de 300 cm. repetirase a serie de cores (branca-azul-amarela-vermella) exposta na táboa anterior.



### 1.6.3 ARBUSTOS.

#### 1.6.3.1 Baixos/compactos:

Táboa número 4. Código de cores para a etiquetaxe de arbustos baixos e compactos en función da altura ou anchura (a maior).

10-15 branca	30-40 branca	70- 80 branca	150-175 branca
15-20 azul	40-50 azul	80-100 azul	175-200 azul
20-25 amarela	50-60 amarela	100-125 amarela	200-225 amarela
25-30 vermella	60-70 vermella	125-150 vermella	225-250 vermella

A partir de 225 cm repetirase a serie de cores (branca-azul-amarela-vermella) exposta na táboa anterior.

#### 1.6.3.2 Arbustos (Forma: Globosa, Ramificada, Cónica, Columnar, Fastixiadas ou Péndulas):

Táboa número 5. Código de cores para a etiquetaxe de arbustos de forma globosa, cónica, ramificada, fastixiada ou péndula en función da altura desde o nivel do chan.

15-20 branca	60-80 branca	150-175 branca	250-300 branca
20-30 azul	80-100 azul	175-200 azul	300-350 azul
30-40 amarela	100-125 amarela	200-225 amarela	
40-60 vermella	125-150 vermella	225-250 vermella	

A partir de 350 cm. repetirase a serie de cores (branca-azul-amarela-vermella) exposta na táboa anterior.

## 1.7 CODIFICACIÓN

### 1.7.1 Pólas porbaixadas e divisións de mata ou estolóns.

As pólas porbaixadas desígnanse cun guión “-” situado ao principio do código. A primeira cifra indica o tempo pasado no viveiro antes de arrincar a póla porbaixada. A segunda cifra indica o número de anos pasados no viveiro despois que a planta nova fose transplantada ou colocada nun testo de novo.

-/1/0 Pólas porbaixadas de un ano.

-/2/0 Pólas porbaixadas de dous anos.

-/1/1 Pólas porbaixadas ou gallo de raíz de dous anos transplantado.

-/1/0 ou -/0/1 Gallo de raíz de un ano.

-/2/0 Gallo de raíz de dous anos.



### 1.7.2 Plantas de cultivo a partir de gallo.

As plantas de cultivo obtidas de gallo désígnanse coa cifra “0” ao comezo do código. A segunda cifra indica o número de anos que o gallo pasou en multiplicación desde que foi realizado este. A terceira cifra indica o número de anos que o gallo enraizado pasou no viveiro despois do transplante ou recolocado no testo. O símbolo “x” entre a segunda e a terceira cifra indica que o gallo foi transplantado ou recolocado no testo dentro da mesma campaña en que foi realizado.

0/1 Gallo leñoso de un ano, enraizado.

0/1/0 Gallo herbáceo de un ano, enraizado.

0/1x0 Gallo herbáceo de un ano, repicado.

0/2/0 Gallo herbáceo de dous anos, enraizado.

0/1/1 Gallo de dous anos, transplantado.

0/1/2 ou 0/2/1 Gallo de tres anos, transplantado.

### 1.7.3 Cultivo de tecidos:

Nas ofertas, albaráns e facturas, as plantas de cultivo procedentes de cultivo de tecidos in-vitro deben designarse coas letras “TC” (Tissue Cultive). Estas letras irán seguidas de unha cifra indicando o estadio de desenvolvemento das plantas.

Para a venda de plantas procedentes deste tipo de cultivo despois de seren cultivadas no viveiro de plantación, seguiranse as especificacións do sistema utilizado para os gallos, nas que as letras “TC” substituirán á cifra “0”.

As cifras sepáranse normalmente con unha /. Tamén se pode usar o signo +. Exemplos: 1/ 0 ou 1+0, 2/ 1 ou 2+1.

### 1.7.4 Plantas de cultivo a partir de semente.

A forma de codificación segue o padrón x/xx, onde:

- A primeira cifra indica o número de anos pasados no viveiro no mesmo lugar onde foron sementados.
- A segunda cifra indica o número de anos pasados no viveiro despois do transplante ou reposta no testo.
- O símbolo “x” antes da segunda cifra indica que a planta de cultivo foi transplantada ou reposta no testo inmediatamente despois de xermolar, en estadio de cotiledón.



- O símbolo  $\neq$  despois da segunda cifra indica que as plantas de cultivo de sementeiro permaneceron no mesmo lugar pero que foron repicadas ou se lles podaron as raíces.

1/0 Planta de sementeiro de un ano

1/x0 Planta de sementeiro de un ano repicada en fase herbácea (en estado de cotiledón)

1/0 $\neq$  Planta de sementeiro de un ano repicada

2/0 Planta de sementeiro de dous anos

1/1 Planta de sementeiro de dous anos, transplantada á idade de un ano

1/2 Planta de sementeiro de tres anos, transplantada á idade de un ano

2/1 Planta de sementeiro de tres anos, transplantada á idade de dous anos

2/2 Planta de sementeiro de catro anos, transplantada á idade de dous anos.

### 1.7.5 Plantas de cultivo enxertadas.

As plantas de cultivo obtidas a partir de enxerto désígnanse con un “X” como primeira cifra. A segunda cifra, que segue ao “X”, indica o número de anos que a planta de cultivo pasou en multiplicación despois de ser enxertada. A terceira cifra indica o número de anos pasados no viveiro despois que a planta de cultivo foi transplantada ou repostada no testeo.

X/1/0 Enxerto de un ano.

X/2/0 Enxerto de dous anos.

X/0/1 Enxerto de un ano, transplantado.

X/1/1 Enxerto de dous anos, transplantado ou posto no testeo.

### 1.7.6 Plantas de cultivo en testeo ou alvéolo.

As plantas de cultivo en testeo désígnanse coa letra “P”, seguida por unha cifra que indica a anchura lateral do testeo en centímetros (medida na súa parte superior exterior) ou o diámetro no caso de testeos redondos.

As plantas de cultivo en alvéolo son designadas de modo similar, coa letra “A”, seguida por unha cifra que indica o diámetro do alvéolo en centímetros.

Exemplos:

1/0 A5 Planta de sementeiro de un ano en alvéolo de 5 cm. Ø de diámetro.

0/1/0 A5 Gallo enraizado de un ano en alvéolo de 5 cm. Ø diámetro.

0/1/1 P9 Gallo enraizado de dous anos, transplantado, en testeo de 9 cm.



### 1.7.7 CULTIVO in vitro.

#### 1.7.7.1 Plantas de cultivo procedentes directamente do laboratorio.

TC 1: Planta de cultivo in-vitro en frasco de cristal = planta de cultivo no estadio de iniciación de raíces.

TC 2: Planta de cultivo in-vitro ex agar = planta de cultivo sacada do frasco e antes de ser aclimatada (no invernadoiro con nebulización, pulverización e/ou túnel).

TC 3: Planta de cultivo in-vitro enraizada e aclimatada.

#### 1.7.7.2 Plantas de cultivo procedentes de cultivo de tecidos, despois de seren cultivadas en viveiro.

TC/0/1: Un ano de cultivo despois da súa saída do laboratorio.

TC/1/1 ó TC/0/2: Dous anos de cultivo despois da súa saída do laboratorio.

## 1.8 CLASIFICACIÓN

A clasificación do material vexetal farase en función de diferentes tipoloxías de vexetación:

- Condicións xerais para a planta ornamental de Galicia.
- Árbores Latifolias.
- Coníferas.
- Arbustos.
- *Camelia, Rhododendron e Azalea.*
- Palmeiras.
- Plantas rubideiras.
- Bambús, herbas ornamentais e fentos.
- Plantas exemplares e topiaria.

1.8.1 As dimensións defínense segundo unha escala de tamaño (ex: 40-50 = de 40 a 50 cm.). Unha clasificación é correcta se todas as plantas dunha clase alcanzan a dimensión mínima especificada. Tomarase a medida da altura desde o chan (colo da planta). Cando se fai unha soa mención do tamaño, as especies/variedades de crecemento vertical son medidas en altura, as plantas de crecemento horizontal son medidas segundo o seu diámetro en centímetros.

1.8.2 Nas árbores, o perímetro (circunferencia) mídese a un metro sobre o nivel do chan (colo da raíz). Nas formas especiais terán que especificarse as dimensións.



Nas árbores con varios talos (troncos múltiples) debe indicarse o número de talos e o perímetro do talo menor, medido a un metro sobre o nivel do chan (colo da planta).


## 1.9 DEFINICIÓNS

- 1.9.1 **Póla porbaixada ou Barbado.** (-/1/ 0 e -/2/ 0) Rama enraizada antes de ser separada ou cortada da planta nai. As pólas porbaixadas deben ter como mínimo dúas raíces identificables na súa base. Acéptase unha lixeira curva se é consecuencia do método de multiplicación. Ademais, na base da póla porbaixada recentemente enraizada pode quedar integrada unha parte da rama vella.
- 1.9.2 **Alvéolos.** Soporte de cultivo en bandexas de tamaño estándar con pequenas cavidades, a modo de testo, que son usadas na multiplicación de plantas por sementes ou gallos.
- 1.9.3 **Árbores.** As árbores son plantas leñosas, de folla caduca ou perenne, que poden vivir desde décadas até varios séculos. A maioría teñen un só talo, cunha coroa de ramas por encima dun tronco despexado, aínda que moitas especies producen múltiples talos, xa sexa de forma natural ou como resultado do seu encanamento. O tamaño das árbores é diverso, e varía desde as especies ananas de un metro de altura até varias decenas de metros. A súa forma tamén varía moito, desde estreitamente cónica, pasando pola columnar, até a arredondada e despregada, o que ofrece gran variedade de elementos de deseño no xardín.
- 1.9.4 **Árbore ou arbusto esmoucado.** Toda planta á que se lle elimina a guía principal. Debe ter como mínimo tres ramas saíndo do tronco principal e estar situadas entre os 20 e 40 cm da parte superior.
- 1.9.5 **Árbore en frecha.** Unha árbore que mantén a guía principal. Árbores monopódicas excurrentes.
- 1.9.6 **Árbores ramificadas.** As árbores ramificadas posúen un tronco central ben definido de onde parten os abrochos laterais ben repartidos desde a base até a cima, en función da especie/variedade.
- 1.9.7 **Arbustos.** Defínense no apartado número 4 desta normativa.
- 1.9.8 **Aviveirar.** Labor cultural cuxo fin é o mantemento temporal da planta.







- 1.9.9 **Calibre.** Defínese calibre como o perímetro ou circunferencia da árbore medida á altura de un metro desde o chan (colo da planta). Exprésase en centímetros.
- 1.9.10 **Cana.** Planta procedente da división dun talo subterráneo.
- 1.9.11 **Colector.** Toda clase de recipiente cun volume superior a 2 dm<sup>3</sup>. Xeralmente de forma cilíndrica e cunha sección uniforme.
- 1.9.12 **Colo.** O colo é a parte situada entre a base da parte aérea da planta e a parte superior do sistema radicular.
- 1.9.13 **Copa.** Conxunto de ramas e follas que forman a parte superior dunha árbore. A copa debe estar ben desenvolvida e ben equilibrada e, segundo a planta considerada, presentar unha guía central recta como prolongación do tronco. Para permitir a elevación da copa debería ser posible unha poda posterior das ramas inferiores, segundo a planta.
- 1.9.14 **Coroa.** A base dunha planta vivaz onde o talo e a raíz atópanse e a partir da cal xorden os novos talos e as raíces.
- 1.9.15 **Exemplares.** Son plantas grandes particularmente desenvolvidas, ben ramificadas, que se deben cultivar de forma adecuada e transplantar periodicamente. Débense manter en disposición de seren transplantados mediante repicados periódicos adicionais (o espazo entre as plantas debe corresponder ás necesidades das especies/variedades).
- 1.9.15.1 **Plantas exemplares de recuperación.** Serán plantas de gran tamaño non cultivadas en viveiro e procedentes da recuperación de xardíns, aliñacións, etc.
- 1.9.16 **Forma:** Existen dez formas de árbore ou arbusto e désígnanse como redondeada, cupular, campaniforme, oval, fastixiada ou columnar, cono, cubo, abano, espiñenta e irregular (De Stevens and col. 1991). As diferentes clases poden descansar sobre un tronco ou sobre o chan. Este parámetro refírese tanto á silueta como aos atributos de follas e flores.
- 1.9.17 **Formación piramidal.** Algunhas especies/variedades de plantas poden ser cultivadas con forma de pirámide. Os arbustos piramidais deben ter un eixo central cunha guía principal vigorosa e polo menos tres ramas laterais vigorosas típicas da variedade.
- 1.9.18 **Guía única.** Un único talo principal con poucas ramas laterais ou ningunha.



- 1.9.19 **Guía única ramificada desde a base.** Un único talo dominante ramificado, practicamente desde o colo até o extremo, con pequenas ramas laterais relativamente curtas que, cando portan follas, practicamente cobren a guía principal coa follaxe desde a base até a cima.
- 1.9.20 **Hábito:** agrúpanse en dez tipos denominados: chorón, péndulo, tortuoso, vertical, horizontal, arqueado, regular, irregular, estendido e prostrado.
- 1.9.21 **Testos.** Os textos son recipientes cadrados ou redondos utilizados en cultivo e cunha anchura que oscila entre 5 e 13 cm. Teñen un volume inferior a 2 dm<sup>3</sup> e unha sección variable.
- 1.9.22 **Matas ou sub-arbustos.** As matas e sub-arbustos son plantas novas, fortes, de polo menos dous anos, transplantadas ou repicadas.
- 1.9.23 **Padróns.** Planta sobre a que se enxerta unha variedade determinada. Os padróns para enxertar obtéñense de plantas leñosas de un a dous anos procedentes de semente ou multiplicación vexetativa.
- Subdivídense en:
- 1.9.23.1 **Padróns francos:** plantas procedentes de semente.
- 1.9.23.2 **Padróns multiplicados vexetativamente:** pólas porbaixadas, barbados, gallos leñosos e herbáceos e cultivo in vitro.
- 1.9.24 **Plantas acidófilas.** Son plantas que se desenvolven mellor en substratos acedos ou lixeiramente acedos, é dicir, un pH menor de 6,5. Algúns exemplos son: Camelia, Rhododendron, Pieris, Azalea, Hydrangea, etc.
- 1.9.25 **Planta arbustiva.** Unha planta arbustiva caracterízase por ter numerosas ramificacións laterais que parten de un punto central. Prodúcese máis ramificacións secundarias que nunha planta ramificada como se define anteriormente. As plantas arbustivas normalmente cobren o testo ou colector. Para a súa comercialización, se o diámetro da planta é menor que o diámetro do recipiente, debe indicarse o diámetro da planta.
- 1.9.26 **Planta de sementeiro in situ.** (1/0) Planta procedente de semente, non transplantada e que normalmente ten unha raíz principal.
- 1.9.27 **Planta vestida.** Aquela planta que ten como máximo 30 cm de tronco limpo desde o colo, sen ramas laterais e o diámetro suficiente como para manter a planta na súa posición natural sen sustentación artificial.



- 1.9.28 **Plantas de sementeiro en estadio de cotiledón.** (1/x0) As plantas de un ano transplantadas nas cales a orixe das raíces estea a unha profundidade maior que 6 cm. ou que teñan só unha ou dúas raíces vigorosas denominaranse como plantas de sementeiro.
- 1.9.29 **Plantas repicadas de sementeiro.** (1/0≠) Plantas nas que a raíz principal foi cortada baixo o chan no mesmo sementeiro, tendo as mesmas características que os padróns transplantados de un ano.
- 1.9.30 **Plantas para sebe.** Plantas leñosas cultivadas coma árbore ou arbustivas que son idóneas para formar sebes debido ao seu hábito de crecemento e tolerancia á poda. Por exemplo o *Taxus baccata*.
- 1.9.31 **Plantas ramificadas.** Unha planta con brotes laterais partindo ben dun talo principal, ben dun punto central. Presenta relativamente poucas ramificacións secundarias. A súa estrutura caracterízase por un único talo dominante con crecementos laterais dentro dos primeiros 60 cm sobre o chan.
- 1.9.32 **Plantas de cultivo.** As plantas de cultivo son plantas novas procedentes de semente ou da multiplicación vexetativa de plantas.
- 1.9.33 **Plantóns.** Os plantóns son árbores novas, sen copa, cun único talo e poucas ou ningunha rama lateral.
- 1.9.34 **Plantóns enxertados de un ano.** a) Planta procedente de un enxerto na base, na que a brotación de un ano prolóngase sobre o padrón e na que se eliminou toda a vexetación propia do padrón; ou b) Individuo que foi recepado ao nivel do enxerto, coa nova brotación como prolongación do padrón.
- 1.9.35 **Royal Horticultural Society (RHS).** A Real Sociedade de Horticultura Británica é unha das principais organizacións de horticultura do mundo e líder no Reino Unido en xardinaría.
- 1.9.36 **Transplantar.** Trasladar plantas do sitio no que están arraigadas e plantalas noutro.
- 1.9.37 **Troncos múltiples.** As árbores con troncos múltiples son aquelas que teñen varios talos que se orixinan por baixo dos 50 cm. de altura.
- 1.9.38 **Substratos.** Material sólido distinto de chans «in situ», onde se cultivan as plantas.



- 1.9.39 **Compoñente de substrato de cultivo.** Material que é adecuado para ser utilizado como ingrediente dun substrato de cultivo.
- 1.9.40 **Materia prima.** Calquera materia utilizada no proceso de elaboración dun substrato de cultivo ou dun compoñente de substrato de cultivo.
- 1.9.41 **Produto orgánico.** Material de orixe animal ou vexetal, utilizable como substrato de cultivo ou compoñente deste.
- 1.9.42 **Produto mineral.** Material constituído por substancias inertes sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal, utilizable como substrato de cultivo ou compoñente deste.
- 1.9.43 **Produto de síntese.** Material composto por substancias minerais ou orgánicas de sínteses, non perigosas, utilizable como substrato de cultivo ou compoñente deste.
- 1.9.44 **Substrato de cultivo simple.** O que se obtén a partir dun único compoñente.
- 1.9.45 **Substrato de cultivo de mestura.** O que se obtén mediante a mestura de varios compoñentes, orgánicos, minerais, de sínteses ou da súa mestura.
- 1.9.46 **Aditivos.** Substancias destinadas a mellorar o comportamento dun substrato de cultivo e que cumpran coa súa lexislación correspondente. Neste caso, trátase unicamente de abonos, retedores de humidade e mollantes, que non poderán superar, en total, o 10 kg/m<sup>3</sup> de produto final, salvo que nas especificacións para un tipo concreto no anexo I dispóñase outro valor.
- 1.9.47 **Abono ou fertilizante.** Produto cuxa función principal é proporcionar nutrientes ás plantas e que cumpre os requisitos establecidos no Regulamento CE 2003/2003, de 13 de outubro, relativo aos abonos ou no grupo 1 do anexo I do Real Decreto 824/2005, de 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.
- 1.9.48 **Trazabilidade.** Posibilidade de atopar e seguir o rastro, a través de todas as etapas de produción, transformación e comercialización dun substrato, mediante un sistema de procedementos que permite realizar o seu seguimento, desde a súa produción até a súa posta no mercado.



## 2.1 CARACTERÍSTICAS XERAIS<sup>2</sup>

As árbores son plantas leñosas, de folla caduca ou perenne, que poden vivir desde décadas até varios séculos. A maioría teñen un único talo, cunha coroa de ramas por encima dun tronco despexado, aínda que moitas especies producen múltiples talos, xa sexa de forma natural ou como resultado da súa modificación e adaptación inducidas. O tamaño das árbores é diverso, e varía desde as coníferas ananas de un metro até varias decenas de metros. A súa forma tamén varía moito, desde estreitamente cónica, pasando pola columnar, até a redondeada e despregada, o que ofrece fortes elementos de deseño no xardín.

Nas árbores latifolias distínguense dous grandes grupos: latifolias perennes e latifolias caducas. As latifolias perennes son aquelas que á súa vez agrupan as anxiospermas dicotiledóneas con follas perennes e as latifolias caducas engloban ás anxiospermas dicotiledóneas con follas caducas.

- Latifolia perenne.
- Latifolia caduca.

Para a clasificación deste tipo de arboredo utilizouse a velocidade de crecemento dado que inflúe na separación dos entrenós e por tanto na súa anatomía. Para iso seguíronse as táboas da norma Selecta de 1999 (táboa 1 do anexo 2<sup>3</sup>), onde aparecen reflectidas as especies máis representativas en función da súa velocidade de crecemento e a súa lonxevidade. Diferenciándose dous tipos:

- Medio-lento.
- Rápido.

2 Brickell et al. 1996. RHS A-Z Encyclopedia of Garden Plants. 1080 pages Publisher: Dorling Kindersley Publishers Ltd.

3 AEPJP. 1999. Método para la valoración de árboles y arbustos ornamentales, "Norma Granada" ed. AEPJP ISBN 84-605-9065-8

Esquema da clasificación das formas de árbores latifolias:

- 2.1.1 Forma frechada.
- 2.1.2 Forma libre non enxertada (aparasoladas, columnares, fastixiadas, etc).
- 2.1.3 Forma libre enxertada (aparasoladas, columnares, fastixiadas, etc).
- 2.1.4 Forma globosa (enxertada).
- 2.1.5 Forma péndula (enxertada).
- 2.1.6 Multitronco.




Figura 1. Diferentes formas de arboredo latifolio.

### 2.1.1 FORMA FRECHADA.

As árbores con forma frechada deben seguir as especificacións marcadas nas seguintes táboas. Os rangos refírense a alturas de tronco libre de ramas:

Táboa número 6. Especificacións de calidade para árbores latifolias de forma frechada en función da velocidade de crecemento do perímetro medido a 100 cm. desde o nivel do chan.

Exemplares latifolios frechados con velocidade de crecemento medio-lento			
Calibre (perímetro en cm.)	Altura min. (cm.)	Altura max. libre (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro de tronco
6-8	150	50	5
8-10	200	100	5
10-12	250	200	5
12-14	300	250	5
>14	350	275	5

Exemplares latifolios frechados con velocidade de crecemento rápido			
Calibre (perímetro en cm.)	Altura min. (cm.)	Altura max. libre (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro tronco
6-8	200	100	4
8-10	250	150	4
10-12	300	200	4
12-14	350	250	4
>14	400	275	4



Figura 2. *Liquidambar styraciflua*.

### 2.1.2 FORMAS LIBRES ENXERTADAS (APARASOLADAS, COLUMNARES, FASTIXIADAS,...).

Táboa número 7. Especificacións de calidade para árbores latifolias de forma libre enxertada en función do perímetro medido a 100 cm. desde o nivel do chan. Exerto de 2º ano.

Calibre (perímetro en cm.)	Altura (cm.)	Anchura de copa (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro de tronco
8-10	150 – 175	40-80	6
10-12	175 – 200	50-100	6
>12	>200	65-110	6

### 2.1.3 FORMAS LIBRES NON ENXERTADAS (APARASOLADAS, COLUMNARES, FASTIXIADAS,...).

Táboa número 8. Especificacións de calidade para árbores latifolias de forma libre non enxertada en función da velocidade de crecemento do perímetro medido a 100 cm. desde o nivel do chan.

Exemplares latifolios de forma libre. Velocidade de crecemento medio-lento		
Calibre (perímetro en cm.)	Altura min. (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro de tronco
6-8	150	5
8-10	200	5
10-12	250	5
12-14	300	5
>14	350	5

Exemplares latifolios de forma libre. Velocidade de crecemento rápido		
Calibre (perímetro en cm.)	Altura min. (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro de tronco
6-8	200	4
8-10	250	4
10-12	300	4
12-14	350	4
>14	400	4








Figura 3. Columnar. *Populus nigra* var. *Itálica*.




Figura 4. Fastigiada. *Taxus baccata* 'Fastigiata'.



Figura 5. Aparasolada. *Albizia julibrissin*.



### 2.1.4 FORMA GLOBOSA (ENXERTADA).

Táboa número 9. Especificacións de calidade para árbores latifolias de forma globosa enxertada en función do ano de enxerto e perímetro medido a 100 cm. desde o nivel do chan.

Enxerto de 2º ano

Calibre mínimo (perímetro en cm.)	Altura a enxerto (cm.)	Diámetro mín. copa (cm.)	Nº mínimo ramas por metro
6-8	100 – 125	25	4
8-10	125 – 150	30	6
10-12	150 – 175	45	6
12-14	175 – 200	60	6
>14	>200	>80	6

Enxerto de 3º ano

Calibre mínimo (perímetro en cm.)	Altura a enxerto (cm.)	Diámetro mín. copa (cm.)	Nº mínimo ramas por metro
10-12	100 – 125	60	6
12-14	125 – 150	75	6
14-16	150 – 175	85	6
16-18	175 – 200	100	6
>18	>200	>100	6



Figura 6. *Liquidambar styraciflua* "Globosum".



### 2.1.5 FORMA PÉNDULA (ENXERTADA).

Táboa número 10. Especificacións de calidade para árbores latifolias de forma globosa enxertada en función do ano de enxerto e perímetro medido a 100 cm. desde o nivel do chan.

Enxerto de 2º ano

Calibre (perímetro en cm.)	Altura (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro
8-10	150 – 175	6
10-12	175 – 200	6
>12	>200	6

Enxerto 3º ano

Calibre (perímetro en cm.)	Altura (cm.)	Nº mínimo de ramas por metro
10-12	150 – 175	6
12-14	175 – 200	6
>14	>200	6



Figura 7. *Betula pendula* "Youngii".



### 2.1.6 MULTITRONCOS.

Como regra xeral, todos os exemplares en formato multitronco son frechados e poderán ter un tronco único limpo de 20 cm. Ademais deben cumprir que a altura máxima de ramificación, medida desde o colo da raíz será 50 cm. e o número de troncos debe estar comprendido entre 3 e 7 que non poderán estar aliñados.

A medida deste tipo de árbores refírese ao menor perímetro dun tronco, que se tomará a un metro do colo da planta e a diferenza máxima de perímetros entre os troncos dunha mesma planta non pode exceder dous rangos. A follaxe, na súa parte exterior, estará uniformemente repartida.



Figura 8. *Magnolia kobus*.



Táboa número 11. Especificacións de calidade para árbores latifolias en formato multi-tronco en función da velocidade de crecemento e perímetro medido a 100 cm. desde o nivel do chan.

<b>Velocidade de crecemento medio-lento</b>		
Calibres mín. e máx. (perímetro en cm.)	Altura mínima (cm.)	Nº mínimo de ramas exteriores por metro
6-8 a 10-12	150	3 por metro en cada tronco, a partir de 50 cm.
8-10 a 12-14	200	
10-12 a 14-16	250	
12-14 a 16-18	300	
14-16 a 18-20	350	
16-18 a 20-25	400	
> 18-20	450	

<b>Velocidade de crecemento rápido</b>		
Calibres mín. e máx. (perímetro en cm.)	Altura mínima (cm.)	Nº mínimo de ramas exteriores por metro
6-8 a 10-12	200	4 por metro en cada tronco, a partir de 50 cm.
8-10 a 12-14	250	
10-12 a 14-16	300	
12-14 a 16-18	350	
14-16 a 18-20	400	
16-18 a 20-25	450	
> 18-20	> 450	



Clase de ximnosperma que comprende, entre outras, as seguintes familias: *Pinaceae*, *Cupresaceae*, *Taxaceae*, *Taxodiaceae*, *Araucariaceae*, *Podocarpaceae* e *Cefalotaxaceae*. Son plantas leñosas de tronco ramificado, sen vasos leñosos no xilema secundario, coas follas aciculares, lineais ou escuamiformes, raramente lanceoladas, e con flores unisexuais dispostas a miúdo en pés monoicos (flores masculinas e femininas nun mesmo individuo)<sup>4</sup>.

### 3.0 **ESPECIFICACIÓNS XERAIS**

As coníferas estarán totalmente ramificadas desde a base segundo o hábito de crecemento da especie/variedade. As follas terán a cor típica da especie-variedade.

Estas especies mediranse segundo a altura total, desde o colo da raíz até o extremo apical aínda que as que presenten o crecemento horizontal como característica principal deben ser medidas pola súa anchura total.

A dimensión mínima do terrón será aquela que lle proporcione un peso superior ao peso da parte aérea. Serán transplantadas ou repicadas de acordo coas necesidades da especie/variedade, idade e localización.

Achégase información relativa á velocidade de crecemento e lonxevidade ornamental das especies máis representativas nas táboas dos anexos.

### 3.1 **ESPECIFICACIÓNS PARTICULARES**

As coníferas para sebes estarán totalmente ramificadas desde a base, coa follaxe completa e se for necesario débense recortar durante o período de cultivo.

As coníferas de forte crecemento estarán totalmente ramificadas até a última rama anual.

As especies que presenten formas de crecemento vertical cultivaranse coa rama principal intacta.

<sup>4</sup> Brickell et al. 1996. RHS A-Z Encyclopedia of Garden Plants. 1080 pages Publisher: Dorling Kindersley Publishers Ltd.

Os intervalos de altura e anchura estableceranse da seguinte maneira:

- De 5 en 5 cm. até os primeiros 30 cm.
- De 10 en 10 cm. desde 30 cm. até 60 cm.
- De 20 en 20 cm. desde 60 cm. até 100 cm.
- De 25 en 25 cm. desde 100 até 300 cm.
- De 50 en 50 cm. desde 300 até 500 cm.
- De 100 en 100 cm. a partir de 500 cm.

## **3.2 TIPOS DE CONÍFERAS PRODUCIDAS EN GALICIA**

### **3.2.1 CONÍFERAS ANANAS.**

Neste apartado inclúense as coníferas de hábito tapizante, horizontal e esférico de pequeno tamaño. Normalmente, non exceden dos 100 cm de altura no seu estado maduro. As medidas débense referir á anchura (a altura non se adoita ter en conta).

Algúns exemplos son:

- *Juniperus communis* 'Repanda'
- *Chamaecyparis obtusa* 'Nana Gracilis'
- *Picea abies* 'Nidiformis'

#### **3.2.1.1 DIÁMETROS DO TERRÓN.**

Na seguinte táboa expónse os diámetros mínimos do terrón para as coníferas ananas cultivadas.

Como excepción, destacamos que as plantas recuperadas de aliñacións ou naturais deben ter un terrón un 50% maior que o especificado nas táboas.



Táboa número 12. Diámetro do terrón para coníferas ananas en función da altura ou anchura (a maior).

Altura ou anchura (cm.) (a maior)	Diámetro do terrón (cm.)	Diámetro do terrón de coníferas recuperadas (cm.)
30	20	30
40	25	37.5
50	30	45
60	35	52.5
80	40	60
100	45	67.5
125	50	75
150	60	90
175	70	105

Os tamaños do terrón maiores que os desta lista serán especificados polo subministrador da planta.



Figura 9. *Chamaecyparis obtusa* 'Nana Gracilis'.





### 3.2.2 CONÍFERAS DE TAMAÑO MEDIO.

Este apartado inclúe as variedades que non superan os 200 cm de altura ou de anchura na súa madureza, incluíndo as formas semi-estendida, globosa e compacta. As medidas deben ser indicadas polo subministrador identificando se é altura ou anchura.

Algúns exemplos:

- *Juniperus X media* 'Pfitzeriana'
- *Juniperus sabina*
- *Pinus mugo* var. Mugo.

#### 3.2.2.1 DIÁMETRO DOS TERRÓNS DAS CONÍFERAS DE TAMAÑO MEDIO.

A seguinte táboa representa o tamaño mínimo requirido para terróns de plantas en campo, excluindo aquelas que estean cultivadas en colector de tea enterrado.

As plantas silvestres ou recuperadas deben ter un terrón un 50% maior que o especificado na táboa.

Táboa número 13. Diámetro do terrón para coníferas de tamaño medio en función da altura ou anchura (a maior).

Altura ou Anchura (cm.) (a medida maior)	Diámetro do terrón (cm.)
50	25
60	30
80	35
100	40
125	45
150	50
175	60
200	70



### 3.2.3 CONÍFERAS ALTAS E COLUMNARES.

Neste apartado inclúense plantas con hábito columnar e altura superior aos 200 cm., como exemplos citamos os seguintes:

- *Juniperus chinensis* 'Mountbatten'
- *Juniperus scopulorum* 'Wichita Blue'
- *Taxus media* 'Hicksii'

Na táboa 14 móstrase a relación altura - anchura. A anchura non será superior ao 20% da altura.



Figura 10. *Cupressus sempervirens*.



### 3.2.3.1 DIÁMETRO DO TERRÓN DE CONÍFERAS ALTAS E COLUMNARES.

A seguinte táboa representa o tamaño mínimo requirido para terróns de plantas en campo, excluindo aquelas que estean cultivadas en colector de tea enterrado.

As plantas silvestres ou recuperadas han de ter un terrón un 50% maior que o especificado na táboa.

Táboa número 14. Diámetro do terrón para coníferas altas e columnares en función da altura ou anchura (a maior).

Altura (cm.)	Diámetro do terrón (cm.)
50	25
60	30
80	35
100	40
125	45
150	50
175	60
200	70
225	75
250	80

### 3.2.4 CONÍFERAS ALTAS E CÓNICAS.

Por exemplo:

- *Picea pungens* L.
- *Pinus sylvestris* L.

Na seguinte táboa móstrase a relación altura/anchura para este tipo de arboredo, a anchura na base non será menor dun 40% da altura.



Táboa número 15. Relación entre altura e anchura.

Altura	Anchura da base
80-100	35
100-125	40
125-150	50
150-175	60
175-200	70
200-225	75
225-250	80
250-275	90
275-300	100



Figura 11. *Cedrus atlántica* 'Glauca.



### 3.2.4.1 DIÁMETRO DO TERRÓN PARA CONÍFERAS ALTAS E COLUMNARES.

Na seguinte táboa móstrase o tamaño mínimo requirido para terróns de plantas no campo. Como peculiaridade as plantas silvestres ou recuperadas deben ter un terrón un 50% maior que o estipulado na táboa.

Táboa número 16. Diámetro do terrón para coníferas altas e columnares en función da altura ou anchura (a maior).

Altura ou Anchura (cm.) (a medida maior)	Diámetro do terrón (cm.)
50	30
60	35
80	40
100	45
125	50
150	60
175	70
200	80
225	90
250	90
275	100
300	122
350	127

### 3.3 **CONDICIÓNS DE ARRANCADO**

O volume do terrón sempre debe ser suficientemente grande e debe incluír o sistema radicular necesario para conseguir unha recuperación completa da planta. O tronco da planta arrincada debe estar centrado no terrón.

Estas normas inclúen facer terrón con tea de saco, pór en testo no campo e facer terrón con cesta de arame.

De forma xeral, cada dous anos debe facerse un repicado completo da planta.



### 3.4 TERRÓN CON TEA DE SACO

Os terróns deben ser sólidos, manterse intactos até que as plantas se trasplanten de novo e deben ser atados firmemente con tea de saco, corda ou malla metálica.

### 3.5 PÓR EN TESTO NO CAMPO

As plantas que van ser introducidas en contedor deben ter o terrón intacto.

### 3.6 DIÁMETROS DE CONTEDORES

A seguinte táboa proporciona unha guía do tamaño do colector en relación á altura ou anchura.

Táboa número 17. Diámetro interior de colector para coníferas ananas e medias en función da altura ou anchura (a maior).

Coníferas ananas e de medio tamaño	
Altura ou anchura (cm.)	Diámetro interior do contedor (cm.)
15-30	15-19
30-40	19-23
40-50	22-26
50-60	24-31
60-90	31-36

Táboa número 18. Diámetro interior do contedor para coníferas altas en función da altura.

Coníferas altas (columnares e anchas)	
Altura (cm.)	Tamaño do contedor (cm.)
15-40	15-19
40-60	19-23
60-100	22-26



Os arbustos son plantas de folla perenne ou caduca e talo leñoso, que se ramifican libremente ao nivel do chan ou preto del. Algúns crecen até alcanzar máis de 6 m de altura aínda que a maioría de especies e variedades cultivadas homoxéneas alcanzan menos da metade dese tamaño. Hai unha certa coincidencia entre arbustos e outros grupos de plantas, debido a que os máis grandes poidan alcanzar máis de 6 m.<sup>5</sup>

Todos os arbustos terán un mínimo de 5 ramas principais, coa follaxe uniformemente repartida e co cromatismo propio da variedade. En caso de ser un arbusto apreciado pola súa floración, esta debe ser uniforme.

Os arbustos clasifícanse segundo a súa forma da seguinte maneira:

- Globosa.
- Rastreira.
- Ramificada.
- Cónica.
- Columnar – Fastixiada.
- Péndula.




Figura 12. Diferentes formas que poden adoptar os arbustos.

<sup>5</sup> Brickell et al. 1996. RHS A-Z Encyclopedia of Garden Plants. 1080 pages. Publisher: Dorling Kindersley Publishers Ltd.

#### 4.1 FORMA GLOBOSA

Nos arbustos con forma globosa o crecemento ao ancho será igual ou lixeiramente menor que o crecemento ao alto. A partir de 4 metros de altura o crecemento ao alto será maior que ao ancho.

As plantas globosas deben ter un diámetro un 15% maior que o diámetro do testo e unha altura un 10% maior que o diámetro.

Por exemplo o *Hebe* 'Green Globe'.

#### 4.2 FORMA RASTREIRA

Este tipo de arbustos son plantas que non superan 1 m de altura cando chegan ao estado adulto.

A distribución das ramas ten que ser uniforme e proporcionar unha completa cobertura do colector. O número mínimo de ramas primarias debe ser cinco.

Como mínimo a anchura total da planta será o dobre do diámetro do colector.


Por exemplo: *Coprosma kirkii* 'Variegata', *Ilex crenata* 'Helleri', *Mahonia nervosa*, *Cotoneaster horizontalis* e cultivares, *Cytisus* 'Lydia'.



Figura 13. Forma globosa.  
*Hebe* 'Green globe'.



Figura 14. Forma rasteira. *Cotoneaster horizontalis*.





### 4.3 **FORMA RAMIFICADA**

Neste grupo inclúense todos os arbustos cuxa anchura é dous terzos maior que a altura.

Os arbustos ramificados deben ter unha altura mínima que sexa o dobre do diámetro do colector, salvo algunhas excepcións, como por exemplo: *Berberis bagatelle*, *Berberis 'Bonanza Gold'*, *Leucothoe 'Curly red'*.

Por exemplo: *Abelia grandiflora*, *Aucuba japonica*, *Berberis julianae*, *Mahonia aquifolium*, etc.

### 4.4 **FORMA CÓNICA**

A altura da planta ten que ser, como no caso dos ramificados, dúas veces o diámetro do testo.

A base da planta medirá, como mínimo, o mesmo que o diámetro do colector que a alberga.

Por exemplo: *Ilex aquifolium*, *Prunus laurocerasus*, *Prunus lusitanica*, etc.



Figura 15. Forma ramificada. *Abelia grandiflora*.



Figura 16. Forma cónica. *Ilex aquifolium*.

#### 4.5 FORMA COLUMNAR

Dentro deste grupo inclúense as variedades que se desenvolven de forma vertical e estreita.

A altura da planta ten que ser, como no caso anterior, dúas veces o diámetro do testo.

A base da planta medirá o mesmo que o diámetro do colector que a alberga.

Por exemplo: *Ilex crenata* 'Sky pencil', *Buxus* 'Graham Blandy', *Buxus fastigiata*.

#### 4.6 FORMA PÉNDULA

As plantas dentro desta categoría terán unha anchura 1,5 veces maior que a do colector.

Por exemplo: *Leptospermum* 'Pink Cascade', *Corylus avellana* 'Contorta'.




Figura 17. Forma columnar. *Buxus sempervirens* 'Green Tower'.



Figura 18. Forma péndula. *Leptospermum* 'Pink Cascade'.



*Camellia* é un dos aproximadamente 30 xéneros pertencentes á familia *Theaceae*, comprende unhas 260 especies e a súa orixe é o suroeste de China, Xapón, Indonesia, provincias de Vietnam a Burma, provincia de Assam en India e Nepal. Engloba principalmente arbustos perennes de tamaño medio-grande que poden alcanzar até 10 metros de altura ou máis, con flores moi rechamantes que van desde o vermello ao branco ou ao amarelo pasando por multitude de tons de rosa. Debido ao seu extenso hábitat, o rango de climas ideal para o seu cultivo é moi diverso, pois podemos atopar plantas desde climas tropicais até continentais e nun gradiente de altitude amplo, desde o nivel do mar até máis de 2000 m., aínda que podemos dicir que é necesario un clima con temperaturas suaves (-5°C até 30 °C), un grao de humidade ambiental elevado, precipitacións anuais abundantes, exposición semi-sombra ao abrigo doutras árbores e cun chan profundo, aireado, rico en materia orgánica e parcialmente acedo (pH 4,5 a 6,5).

Dentro do xénero *Camellia* existen na actualidade máis de 30.000 variedades rexistradas, as de maior utilización son as que se engloban dentro das especies: *Camellia japonica*, *Camellia sasanqua*, híbridos *X Williamsii* e outros híbridos, debido en gran parte á súa follaxe verde escura-brillante, o hábito de crecemento ramificado e espeso, o seu elevado grao de abrochos, a súa longa estadía de floración, o tamaño e a súa variabilidade no ton das flores e o seu amplo rango de condicións edafoclimáticas ás que se adaptan.

En termos xerais, a floración ha de ser homoxénea.

Descríronse tres formas diferentes de presentación de exemplares do xénero *Camellia* denominadas:

- Arbustiva.
- Copa.
- Topiaria.

## 5.1 CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

### 5.1.1 FORMACIÓN ARBUSTIVA.

Táboa número 19. Especificacións de calidade para exemplares de camelia con formación arbustiva.

Altura (cm.)	Anchura (cm.)	Botóns (nº)	Ramas fortes (nº)	Contedor (dm <sup>3</sup> )	Testo (cm.)
10-20	5-10	2-5	1-3		P9
20-40	10-20	4-8	2-4	1-1,5	12-15
30-50	20-25	6-12	3-6	2-3	16-19
40-70	25-30	8-16	4-8	4-5	20-24
50-90	30-50	15-30	6-12	7,5	25-29
80-150	40-70	+30	+10	10-15	30-35
100-170	50-80	+50	+10	20-25	
120-200	60-100	+50	+15	30-40	
130-300	60-150	+50	+15	+50	

### 5.1.2 FORMACIÓN EN COPA.

As camelias en copa deben ter un talo limpo, libre de ramas, e substancialmente recto e vertical, ademais dunha copa ben definida. As árbores enxertadas non terán máis que unha lixeira curva na unión. As árbores en copa poden estar enxertadas na base ou na cima.

Táboa número 20. Especificacións de calidade para exemplares de camelia con formación en copa.

Altura (cm.)	Anchura copa (cm.)	Calibre do tronco (perímetro) (cm.)	Cor (RHS)
20-50	20-50	4/6	5-7
50-100	30-70	6/8	5-7
100-150	40-80	8/10	5-7
150-200	50-100	10/12	5-7
+200	+75	12/14	5-7

### 5.1.3 FORMACIÓN TOPIARIA.

Dentro desta formación:

#### 5.1.3.1 ESFÉRICA OU BÓLA.

Táboa número 21. Especificacións de calidade para exemplares de camelia con formación topiaria e forma esférica ou bóla.

Altura (cm.)	Anchura copa (cm.)	Contedor (l)	Cor (RHS)
20-30	20-30	3	5-7
25-50	25-50	5	5-7
35-75	35-75	7,5	5-7
50-100	50-10	10	5-7
60-120	60-120	15	5-7
75 +	75 +	20	5-7
80 +	80 +	25	5-7

#### 5.1.3.2 PIRÁMIDAL OU CÓNICA.

Táboa número 22. Especificacións de calidade para exemplares de camelia con formación topiaria e forma piramidal ou cónica.

Altura (cm.)	Anchura da base (cm.)	Contedor (l)	Cor (RHS)
35-50	20-30	3	5-7
50-75	25-35	5	5-7
75-90	30-40	7,5	5-7
80-100	35-50	10	5-7
90-110	40-60	15	5-7
100-125	50-75	20	5-7
100-150	+60-80	25	5-7

#### 5.1.3.3 MULTITRONCO.

O diámetro da copa debe ser proporcionado co diámetro do tronco. Como excepción, existen plantas en formación 'Bon-sai' que se caracterizan por ter grandes diámetros de tronco en relación a copas reducidas moi traballadas e con aspecto de árbores antigas.



#### 5.1.3.4 ESPALEIRA.

Táboa número 23. Especificacións de calidade para exemplares de camelia con formación topiaria e forma en espaleira.

Altura (cm.)	Contedor (l)	Cor (RHS)
30-40	3	5-7
40-50	5	5-7
50-60,60-75	7,5	5-7
60-75	10	5-7
75-100	15	5-7
100-125	20	5-7
125-150	25	5-7


## 5.2 RHODODENDRON

Xénero de arbustos perennifolios, semi-perennifolios ou caducifolios, de tamaño variable, que inclúe desde formas ananas a exemplares de porte arbóreo. Utilízanse en xardinaría pola beleza das súas flores. Inclúe especies resistentes e outras sensibles ás xeadas.

A maioría prefiren sombra parcial, aínda que un considerable número de variedades soportan exposición a pleno sol, especialmente en climas fríos. Necesitan solos de carácter neutro a ácido, preferiblemente ricos en humus e ben drenados. A profundidade de plantación é fundamental, xa que as plantas presentan sistemas radicais superficiais. Deben eliminarse as inflorescencias murchas a fin de potenciar o crecemento, a menos que se queira obter sementes. Propáganse mediante pólas porbaixadas ou a través de gallos semi-maduros obtidos a finais de verán. O ton amarelado das follas débese, en xeral, a unha deficiente drenaxe, ao feito de que se plantou demasiado profundo ou debido a chans calizos.

A floración debe ser homoxénea e ter un botón floral por cada rama anual.

Descríbóronse dúas formas diferentes nas que podemos atopar o Rhododendron: arbustivo e copa.



## 5.2.1 CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS.

### 5.2.1.1 FORMACIÓN ARBUSTIVA.

Os exemplares do xénero rhododendron con formación arbustiva foron clasificados en función da súa velocidade de crecemento utilizando a base de datos de Goosens Raf bvba<sup>6</sup>.

#### 5.2.1.1.1 CRECEMENTO RÁPIDO.

Táboa número 24. Especificacións de calidade para exemplares de Rhododendron de crecemento rápido e formación arbustiva en función da súa altura.

Altura (cm.)	Anchura (cm.)	Contedor (dm <sup>3</sup> )	Testo (cm.)
18	13,5		P9
25-30	15-20	1-1,5	12-15
30-40	20-28	2-3	16-19
40-50	28-35	4-5	20-24
50-60	35-40	7,5	25-29
60-70	40-50	10-15	30-35
70-90	50-60	20-25	
90-110	60-80	30-40	
110	+80	+50	

A relación entre o diámetro do testo (ou colector) e o tamaño dos exemplares de crecemento rápido do xénero Rhododendron, definido polas variables altura e anchura, axustarase da seguinte forma. A anchura da planta será igual ao diámetro do testo/colector e a súa altura o dobre.

O diámetro do testo medirase na parte superior deste, a anchura da planta mídese desde o centro do tronco até os bordos dela e a altura da planta medirase desde o colo da raíz até o ápice desta.

<sup>6</sup> Goosens Raf bvba. Catálogo de produción de Rhododendron y Azalea consultado o 12/05/2012.



Como exemplos de variedades de crecemento rápido citamos as seguintes (catálogo comercial de Goosens Raf bvba): Alfred, Anna Krusche, Anne Rose Whitney, Catabiensis Grandiflora, Cheer, Chionoides, Christmas Cheer, Cosmopolitan, Cunningham's White, Delta, Dr. Rieger, Dr. Rütgers, Dr. Schweitzer, Ehrengold, Graziella, Germania, Goldfinger, Gommer Waterer, Halfdem Lem, Horizon Monarch, Kokardia, Lee's Dark Purple, Lord Roberts, Madame Masson, Malville, Marie Fortier, Marcel Menard, Moser Moon, Markeeta's Price, Nancy Evans, Nova Zembla, Onkel Diners Ponticum Roseum, Ponticum Variegata, Red Jack, Rocket, Roseum Elegans, Saffrano, Sammetglut, Scintillation, Scyphocalix, Tor-toiseshell Orange, Virginia Richards, Viscy Wilgens Ruby.

### 5.2.1.1.2 CRECEMENTO LENTO.

Táboa número 25. Especificacións de calidade para exemplares de Rhododendron de crecemento lento e formación arbustiva en función da súa altura.

Altura (cm.)	Anchura (cm.)	Contedor (dm <sup>3</sup> )	Testo (cm.)
13,5	18		P9
15-20	25-30	1-1,5	12-15
20-28	30-40	2-3	16-19
28-35	40-50	4-5	20-24
35-40	50-60	7,5	25-29
40-50	60-70	10-15	30-35
50-60	70-90	20-25	
60-80	90-110	30-40	
+80	110	+50	

Como exemplos de variedades de crecemento lento citamos, do catálogo comercial de Goossens Raf bvba, as seguintes: Anna Balsifien, Azzuro, Baden Baden, Bengalen, Blue Diamond, Blue Tit Major, Cilpinensis, Dora Amateis, Elisabeth, Impetium Select Moerheim, Praecox, Princess Ann, Purple Pillow, Ramapo, Scarlet Wonder, Shamrock, Wee Bee, Winsome.





### 5.2.2 FORMACIÓN EN COPA.

Os Rhododendron en copa deben ter un talo limpo e substancialmente recto e vertical, libre de ramas e unha copa ben definida. Os Rhododendron enxertados non terán máis que unha lixeira curva na unión.

Táboa número 26. Especificacións de calidade para exemplares de Rhododendron de formación en copa en función da súa altura.

Altura (cm.)	Anchura copa (cm.)	Calibre tronco (perímetro) (cm.)
50-100	30-70	6/8
100-150	40-80	8/10
150-200	50-100	10/12
+200	+75	12/14

## 5.3 AZALEA

O xénero Rhododendron non só inclúe as especies e híbridos perennes, de follas grandes e, frecuentemente, de flores tamén grandes, senón tamén arbustos ananos, tanto perennes como caducifolios, con poucos acios de flores habitualmente pequenas. "Azalea" é o nome común dado ás especies e híbridos caducifolios, así como a un grupo de arbustos compactos e perennes derivados principalmente das especies xaponesas. Valóraselles pola súa masa de pequenas flores de intenso colorido, producidas a finais de primavera. Moitas azaleas perennes tamén poden cultivarse como plantas de interior. As flores adoitan ser simples, pero tamén poden ser semidobres ou dobres. A menos que se indique o contrario as flores son simples e as follas son ovaladas e de cor verde media a escura.

Como norma xeral, a floración debe ser homoxénea.

Descríbíronse dúas formas diferentes nas que podemos atopar a *Azalea*: arbustiva e copa.



### 5.3.1 CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS.

#### 5.3.1.1 FORMACIÓN ARBUSTIVA.

Táboa número 27. Especificacións de calidade para exemplares de Azalea de formación arbustiva en función da súa altura.

Altura (cm.)	Anchura (cm.)	Contedor (dm <sup>3</sup> )	Testo (cm.)
9	18		P9
12-15	24-30	1-1,5	12-15
15-20	30-40	2-3	16-19
20-25	40-50	4-5	20-24
25-30	50-60	7,5	25-29
30-35	60-70	10-15	30-35

#### 5.3.1.2 FORMACIÓN COPA.

As azaleas de copa deben ter un talo limpo e substancialmente recto e vertical, libre de ramas e unha copa ben definida.

O calibre do tronco será suficiente para aguantar o peso da copa sen soporte artificial.

Táboa de clasificación da Azalea en copa en función da altura do seu fuste.

Táboa número 28. Especificacións de calidade para exemplares de Azalea de formación en copa en función da súa altura.

Altura (cm.)	Anchura da copa (cm.)
20-40	20-30
40-60	30-40
60-80	40-50



# 6

## PALMEIRAS

As principais especies que se producen en Galicia son os xéneros *Chamaerops* e *Trachycarpus*.

A clasificación dos exemplares do xénero *Chamaerops*, até 1 metro, será de dez en dez centímetros, a partir desa altura pasará a medirse en intervalos de vinte en vinte centímetros. Normalmente, véndense en terrón e en contedor.



Figura 19. *Trachycarpus fortunei*.

Táboa número 29. Especificacións de calidade para exemplares de *Chamaerops* en función do tamaño do testo.

Presentación Volume do contedor (dm <sup>3</sup> )	Altura de tronco (cm.)	Altura total (cm.)
30 dm <sup>3</sup>	20-30	100/120
40 dm <sup>3</sup>	30-40	120/140
40 dm <sup>3</sup>	40-50	140/160
40 dm <sup>3</sup>	50-60	160/180
50 dm <sup>3</sup>	50-60	160/180
50 dm <sup>3</sup>	60-70	180/200
65 dm <sup>3</sup>	60-70	180/200
65 dm <sup>3</sup>	70-80	180/200
65 dm <sup>3</sup>	60-80	180/200
65 dm <sup>3</sup>	80-90	200/220
80 dm <sup>3</sup>	80-90	200/220
80 dm <sup>3</sup>	90-100	200/220
80 dm <sup>3</sup>	80-100	200/220
80 dm <sup>3</sup>	100-120	220/250
110 dm <sup>3</sup>	120-140	250/275
130 dm <sup>3</sup>	140-160	275/300
160 dm <sup>3</sup>	160-180	300/325
160 dm <sup>3</sup>	180-200	325/350
300 dm <sup>3</sup>	200-225	350/375
300 dm <sup>3</sup>	225-250	375/400
350 dm <sup>3</sup>	250-275	400/425
350 dm <sup>3</sup>	275-300	425/450
450 dm <sup>3</sup>	300-325	450/500



A maioría das plantas rubideiras son leñosas, perennes ou de folla caduca, aínda que algunhas son herbáceas perennes ou anuais que morren, excepto a raíz, coa chegada do inverno. Poden aferrarse a si mesmas ou enroscarse (con ou sen zarzallos), ou son especies ascendentes e rubideiras que non se fixan. É importante identificar o tipo xa que iso impón o método de apoio máis apropiado.

As que se autoadhiren, como o *Parthenocissus quinquefolia*, ruben por medio dunhas ventosas adhesivas ou, como a *Hedera*, mediante raíces aéreas que se adhiren a calquera superficie que lles ofrezga agarre. En contraste, as sarmentosas como as do xénero *Wisteria* ascenden rodeando o seu soporte, mentres a *Passiflora* asegura os seus talos con zarzallos enroscados.

Estes dous tipos necesitan o apoio de ramas de árbores ou un sistema de arames. As sarmentosas e rubideiras de autoagarre precisan dunha guía inicial de apoio, pero unha vez arraigadas sostéñense soas.

As plantas ascendentes e trepadoras que non se fixan, como o *Jasminun nudiflorum*, suxéitanse lixeiramente lanzando talos longos e flexibles a través dunha planta hóspede ou superpoñendo os seus novos talos sobre os que brotaron a estación anterior.<sup>7</sup>

Neste grupo atópanse os seguintes xéneros cultivados en Galicia: *Actinidia*, *Bougainvillea*, *Campsis*, *Clematis*, *Hardenbergia*, *Hedera*, *Hydrangea*, *Jasminun*, *Lonicera*, *Parthenocissus*, *Passiflora*, *Trachelospermum*, *Vitis*, *Wisteria*.

Na táboa 30 referéncianse datos das principais especies de rubideiras coas súas características de comercialización. Caracterízanse pola súa velocidade de crecemento.

## 7.1 PLANTAS RUBIDEIRAS DE CRECIMENTO RÁPIDO

As rubideiras de crecemento rápido deben ter ramas grandes e fortes, con 3 brotes de 40 cm. ou máis e cun sistema radicular vigoroso.

Exemplos: *Lonicera japonica* 'Halliana', *Parthenocissus quinquefolia*.

<sup>7</sup> Brickell et al. 1996. RHS A-Z Encyclopedia of Garden Plants. 1080 pages. Publisher: Dorling Kindersley Publishers Ltd.

## 7.2 PLANTAS RUBIDEIRAS DE CRECEMENTO MEDIO

As rubideiras de crecemento medio deben ter ramas grandes e fortes, con 3 brotes de 30 cm. ou máis e cun sistema radicular vigoroso.

Como por exemplo: *Trachelospermum jaminoides*, *Actinidia kolomikta*.



Figura 20. *Hedera hélix*.



### 7.3 PLANTAS RUBIDEIRAS DE CRECEMENTO LENTO

As rubideiras de crecemento lento deben ter ramas grandes e fortes, con 3 brotes de 20 cm. ou máis e cun sistema radicular vigoroso.

Como por exemplo: *Hydrangea anomala petiolaris*.

Táboa número 30. Especificacións de calidade para exemplares de especies rubideiras en función do seu crecemento.

Xénero	Velocidade de crecemento	Tamaño mínimo do testo	Volumen mínimo do testo/ contedor (dm <sup>3</sup> )	Altura mínima da planta (cm.)	Exemplos
<i>Actinidia</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>A. kolomikta</i>
<i>Bouganvillea</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>B. glabra</i>
<i>Campsis</i>	Creceemento rápido	P13	1,5	40	<i>C. radicans</i>
<i>Clematis</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>C. 'Jackmanii'</i>
<i>Hardenbergia</i>	Creceemento rápido	P13	1,5	40	<i>H. comptoniana</i>
<i>Hedera</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>H. colchica</i> 'Dent. Variegata'
<i>Hydrangea</i>	Creceemento lento	P13	1,5	20	<i>Hydrangea anomala petiolaris</i>
<i>Jasminun</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>J. nudiflorum</i>
<i>Lonicera</i>	Creceemento rápido	P13	1,5	40	<i>L. per 'Serotina'</i>
<i>Parthenocissus</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>P. tricuspidata</i> 'Veitchii'
<i>Passiflora</i>	Creceemento rápido	P13	1,5	40	<i>P. caerulea</i>
<i>Trachelospermun</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>T. jasminoides</i>
<i>Vitis</i>	Creceemento medio	P13	1,5	30	<i>V. vinifera</i> 'Purpur'
<i>Wisteria</i>	Creceemento rápido	P14	2,5	40	<i>W. sinensis cvs</i>

## 8.1 BAMBÚS

Os bambús son gramíneas perennes, leñosas ou sub-leñosas, provistas de rizomas definidos que orixinan matas estendidas, indefinidas, invadindo a superficie do chan. Os vástagos primarios teñen follas, normalmente caedizas, con láminas reducidas, mentres que as ramas posúen follas con láminas lanceoladas, comunmente articuladas coas vainas por medio dun curto pecíolo, e caedizas independentemente daquelas que persisten sobre a planta.

Realizouse unha clasificación dos bambús en función do tamaño do exemplar adulto, como segue.

### 8.1.1 BAMBÚS GRANDES.

Táboa número 31. Especificacións de calidade para exemplares de Bambús grandes en función da súa altura media.

Grandes (máis de 350 cm. de altura)		
Altura media (cm.)	Nº medio de canas	Tamaño contedor (dm <sup>3</sup> )
75	1-2	2
100	2-4	5
250	3-5	10
300	4-8	15
350	5-10	25

As especies máis producidas en Galicia son as seguintes: *Fargesia robusta* 'Pingwu', *Phyllostachys aurea*, *Phyllostachys aureosculata* 'Alata', *Phyllostachys aureosculata* 'Aureocalis', *Phyllostachys aureosculata* 'Spectabilis'. *Phyllostachys bissetii*, *Phyllostachys humilis*, *Phyllostachys nigra*, *Phyllostachys nigra* 'Boryana', *Phyllostachys nigra* 'Henonis' *Phyllostachys vivax*, *Phyllostachys vivax* 'Aureocalis', *Phyllostachys atrovaginata* 'Green Perfume', *Pseudosasa japonica*, *Semiarundinaria fastuosa*, *Semiarundinaria fastuosa* 'Viridis'.

Dentro dos bambús grandes atopámonos coas seguintes excepcións: En *Fargesias* e *Pseudosasas* o número de canas comercializadas en 25



litros será entre 10 e 15. No xénero *Phyllostachys* o número de canas será a metade en todos os formatos.

### 8.1.2 BAMBÚS MEDIANOS

Táboa número 32. Especificacións de calidade para exemplares de Bambús medianos en función da súa altura media.

Medianos (entre 100-350 cm. de altura)		
Altura media (cm.)	Nº medio de canas	Tamaño contedor (dm <sup>3</sup> )
25	4-6	2
50	6-8	5
100	8-10	10
150	10-15	15
200	15-20	25

As especies máis producidas en Galicia son as seguintes: *Fargesia* 'Rufa', *Fargesia denudata*, *Fargesia* 'Red Panda', *Fargesia murielae* 'Green Hedge' *Fargesia nítida* 'Great Wall', *Fargesia* 'Asian Wonder', *Sasa palmata* 'Nebulosa'.



Figura 21.

### 8.1.3 BAMBÚS ANANOS.

Táboa número 33. Especificacións de calidade para exemplares de Bambús ananos en función da súa altura media.

Ananos (menos de 100 cm. de altura)		
Altura media (cm.)	Nº medio de canas	Tamaño contedor (dm <sup>3</sup> )
10 -20	1-2	1.5
10-30	1-2	2
20-40	2-4	5

Especies: *Pleioblastus auricomus*, *Pleioblastus variegatus*, *Pleioblastus pumilis*, *Pleioblastus viridistriatus* 'Vagans', *Sasa kurilensis*, *Sasa tsuboinana*, *Sasa veitchii*, *Shibataea kumasaca*.

## 8.2 HERBAS ORNAMENTAIS

As herbas ornamentais son plantas herbáceas, anuais ou perennes, da familia *Poaceae* valoradas na paisaxe pola súa textura e cor. Prodúcese en testos de 2 litros e terán que cubrir por completo a superficie destes.



Figura 22. *Stipa capriccia*.



### 8.3 FENTOS

Todos os fentos xunto coas colas de cabalo e lycopodios, pertencen a un gran grupo de plantas sen flores coñecidas como *Pteridophyta* e que abarca un grupo de 12.000 especies. A diferenza dos musgos, teñen xilema e o floema (plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces do mesmo xeito que outras plantas vasculares. Os fentos reproducense por esporas e non teñen nin sementes nin flores.

O termo *Pteridophyta* tamén se refire aos fentos e algunhas outras plantas vasculares sen semente.

Os fentos produciranse en colector de 2 dm<sup>3</sup> e deben cubrir completamente o diámetro do testo.

As especies de fentos máis producidas en Galicia son: *Dryopteris atrata*, *Polystichum polyblepharum*, *Atryrium Metallicum*, *Osmunda regalis*, *Dryopteris filix-mas*, *Dryopteris erythrosora*, *Polystichum tsussimense*, *Polystichum set.* "Herrenhausen", *Matteuccia struthiopteris*, *Polystichum setiferum*, *Dryopteris buschiana*.



Figura 23. *Nephrolepis exaltata*.

### 8.3.1 FENTOS ARBORESCENTES.

Os fentos arborescentes rexeranse polas seguintes características:

Ten que ter unha coroa completa de frondes (mínimo 3), que non deben estar rotas nin coas puntas queimadas.

Neste caso non se definen intervalos estandarizados de tamaño, preséntanse simplemente por centímetros de altura. Dita dimensión tomárase desde o substrato até a primeira folia.

Os fentos arborescentes máis producidos en Galicia son: *Cyathea spp.* e *Dicksonia spp.*



Figura 24. *Dicksonia antarctica*.



Os parámetros mínimos que terán que vir definidos na etiqueta do exemplar serán:

- Anchura.
- Altura.
- Diámetro de tronco.
- Número de ramas.
- Altura de cruz.
- Singularidades.

### Aspectos mecánicos de exemplares singulares.

Os exemplares que se poñan á venda como singulares/monumentais ou especiais, á parte das propias características descritivas sinaladas na presente normativa deberán cumprir unha serie de requisitos de índole fitopatolóxica e biomecánica que aseguren a súa calidade (Calaza e Iglesias, 2012)<sup>8</sup>, entre eles destacamos:

- Ausencia de cortiza incluída, tanto nas ramas principais como no caso de troncos codominantes.
- Ausencia de SGR (stem girdling roots).
- Ausencia de ataques fúnxicos que socavan as propiedades mecánicas da madeira que poidan provocar un colapso estrutural, tanto de pudrición marrón, branca como branda.
- Ausencia de troncos con crecementos con torsión de fibras marcada.
- Equilibrio e correcta arquitectura da copa.
- Ausencia de oquedades, fisuras, fendas e outros elementos indicadores de perigo potencial.

<sup>8</sup> Calaza, P. e Iglesias, I. Evaluación de riesgo de arbolado peligroso. Principios, indicadores y métodos. Asociación Española de Arboricultura.2012

- Confirmación de que non foi modificada a cota basal do exemplar.
- En caso de existir síntomas biomecánicos como indicadores de problemas internos en coherencia co axioma da carga uniforme, débense especificar.
- Ausencia de cancrios e tumores de colo.
- En caso de exemplares inclinados debe especificarse o grao de inclinación desde a vertical.
- Densidade de masa foliar propia para a súa especie.
- Ausencia de problemas radiculares evidenciados pola copa.



# BIBLIOGRAFÍA

- American Nursery & Landscape Association. May 2004. American Standards For Nursery Stock. [Publicación en línea] Disponible desde internet en: <[http://americanhort.org/documents/nursery\\_stock\\_standards\\_AmericanHort\\_2004.pdf](http://americanhort.org/documents/nursery_stock_standards_AmericanHort_2004.pdf)>. [con acceso o día 23 de noviembre de 2011]
- Arximon, X. e Bosch, J. 1994. Normas tecnológicas de la jardinería y paisajismo. 07A. Suministro de Material Vegetal. Calidad General. Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas y Peritos Agrícolas de Cataluña. Cataluña 1ª Edición. Barcelona.
- Arximon, X. e Bosch, J. 1995. Normas tecnológicas de la jardinería y paisajismo. 07C. Suministro de Material Vegetal. Matas y Subarbustos. Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas y Peritos Agrícolas de Cataluña. Cataluña 1ª Edición. Barcelona.
- Arximon, X. e Bosch, J. 1998. Normas tecnológicas de la jardinería y paisajismo. 07F. Suministro de Material Vegetal. Arbustos. Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas y Peritos Agrícolas de Cataluña. Cataluña 1ª Edición. Barcelona.
- Arximon, X. e Bosch, J. 2001. Normas tecnológicas de la jardinería y paisajismo. 07G. Suministro de Material Vegetal. Matas y Subarbustos. Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas y Peritos Agrícolas de Cataluña. Cataluña 1ª Edición. Barcelona.
- Asociación Española de Parques y Jardines Públicos. 1999. Método para la valoración de árboles y arbustos ornamentales, "Norma Granada" ed. AEPJP ISBN 84-605-9065-8.
- Brickell, C. 1996. The Royal Horticultural Society A-Z Encyclopedia of Garden Plants. Dorling Kindersley Limited. London.
- Calaza, P. e Iglesias, I. 2012. Evaluación de riesgo de arbolado peligroso. Principios, indicadores y métodos. Asociación Española de Arboricultura.
- Canadian Nursery and Landscape Association. 8th edition, 2006. Canadian Standards for Nursery Stock. [Publicación en línea] Disponible desde internet en: <[http://www.canadanursery.com/Storage/47/5649\\_CSNS\\_-\\_8th\\_Edition\\_-\\_web.pdf](http://www.canadanursery.com/Storage/47/5649_CSNS_-_8th_Edition_-_web.pdf)>. [con acceso o día 5 de noviembre de 2011]
- European Nursery Association. 2010. European technical & quality standards for nursery stock. ENA Edition. [Publicación en línea] Disponible desde internet en: <<http://www.enaplants.eu/EXEN/assets/ENASQualityStandardsFinal2010.pdf>>. [con acceso o día 11 de octubre de 2011]
- Federación Española de Productores Exportadores de Frutas, Hortalizas, Flores y Plantas Vivas. Setiembre 2012. Plant production quality system. Federación Española de Productores Exportadores de Frutas, Hortalizas, Flores y Plantas Vivas.
- Federación Española de Productores Exportadores de Frutas, Hortalizas, Flores y Plantas Vivas. Octubre 2010. Sistema. Español De Buenas Prácticas Agrícolas Para La Producción De Flor Cortada Y Planta Ornamental. [Publicación en línea] Disponible desde internet en: <[http://www2.fepex.es/archivos/publico/Protocolo\\_final\\_FyP%20%28Oct%202010%29.pdf](http://www2.fepex.es/archivos/publico/Protocolo_final_FyP%20%28Oct%202010%29.pdf)>. [con acceso o día 12 de mayo de 2012]
- Goossens Raf bvba. Catalogue Rhododendron and Azalea. [Publicación en línea] Disponible desde internet en: <<http://www.rafgoossens.be/catalogus.pdf>>. [con acceso o día 12 de mayo de 2012]
- NAVÉS VIÑAS, F. Pujol Solanich, J. Argimon de Viladarga, X. Sampere Montlló, L. Segunda Edición, 2003. El árbol en jardinería y paisajismo. Guía de aplicación para España y países de clima mediterráneo y templado. Ediciones Omega. Barcelona.
- PERL, P. 1979. Ferns. Time Life Book Inc.
- SWINDELLS, P. 1971. Ferns for garden and greenhouse. J.M. DENT & SONS LTD. Aldine House. Bedford Street. London.

The background of the page is a light green grid. Overlaid on this grid is a repeating pattern of various potted plants and trees. The plants include different types of palms, ferns, and small trees, all rendered in a light, faded green color. The pattern is consistent across the entire page.

# ANEXOS



## ANEXO 1. FITOPATOLOXÍA

Táboa número A1-1. Pragas e enfermidades propias das camelias, rododendros e azaleas cultivadas en Galicia.

	CAMELIA	RODODENDRO e AZALEA	OBSERVACIÓNS
<b>PRAGAS</b>			
<b>Pulgóns</b>	varias spp. (#)	varias spp.	produtores de negrilla (*)
<b>Cochinillas</b>	varias spp.	varias spp.	produtores de negrilla (*)
<b>Trips</b>	<i>Heliethrips haemorrhoidalis</i>	<i>Heliethrips haemorrhoidalis</i>	produtores de negrilla (*)
<b>Comedores de follas e brotes</b>	<i>Otiorrhynchus sulcatus</i>	<i>Otiorrhynchus sulcatus</i>	
<b>Comedores de follas e brotes</b>	<i>Cneorhinus dispar</i>	<i>Cneorhinus dispar</i>	
<b>Eriofido da caída de botón floral</b>	<i>Cosetacus camelliae</i>		caída de botóns florales
<b>Eriofido do bronceado foliar</b>	<i>Calacarus carinatus</i>		color púrpura en follas
<b>Arañas vermellas</b>	<i>Tetranychus e Panonychus sp.</i>	<i>Tetranychus e Panonychus sp.</i>	
	(#) <i>Hemiberlesia rapax</i>	(#) <i>Coccus hesperidum</i>	
	(#) <i>Chloropulvinaria floccifera</i>	(#) <i>Planococcus citri</i>	



	CAMELIA	RODODENDRO e AZALEA	OBSERVACIÓNS
<b>ENFERMIDADES</b>			
Negrilla (*)	<i>Meliola camelliae</i> e outras	<i>Capnodiaceos</i>	precisa presenza de pragas
Podremia gris	<i>Botrytis cinerea</i>	<i>Botrytis cinerea</i>	podremia de brotes e flores
Pestalotia	<i>Pestalotiopsis guepini</i>	<i>Pestalotia sp.</i>	manchas en talos e follas
Podremia do colo e raíz	<i>Phytophthora cinnamomi</i> e outras	<i>Phytophthora cinnamomi</i> e outras	
Murchez foliar	<i>Phytophthora ramorum</i>	<i>Phytophthora ramorum</i>	manchas e seca foliar
Murchez de flores	<i>Ciborinia camelliae</i>	<i>Ovulinia azaleae</i>	podremia prematura de flores
Agallas foliares e brotes	<i>Exobasidium camelliae</i>	<i>Exobasidium vaccinii</i> e <i>E. japonicum</i>	malformacións foliares
Antracnose	<i>Colletotrichum gloeosporoides</i>	<i>Colletotrichum gloeosporoides</i>	chancros en ramas e manchas foliares
Seca de Ramas	<i>Phomopsis sp.</i>	<i>Phomopsis sp.</i>	Chancros e seca de ramas
Seca de Ramas	<i>Botryosphaeria dothidea</i>	<i>Botryosphaeria dothidea</i>	Chancros e seca de ramas
Manchas foliares		<i>Sphaceloma sp.</i>	
Manchas foliares		<i>Septoria sp.</i>	
Manchas foliares		<i>Cercospora sp.</i>	
Podremia branca de la raíz	<i>Armillaria mellea</i>	<i>Armillaria mellea</i>	
Podremia branca de la raíz	<i>Rosellinia necatrix</i>	<i>Rosellinia necatrix</i>	
<b>VIROSI</b>			
Moteados foliares amarelos	Camellia Yellow Mottle Virus (CYMV)		



Táboa número A1-2. Folla de seguimento de pragas e enfermidades na Camelia a realizar polo produtor.

<b>PRAGAS NA CAMELIA</b>		
<b>Organismo</b>	<b>Frecuencia</b>	<b>Período</b>
<b>Pulgóns (varias especies)</b>	quincenal	marzo a outubro
<b>Cochinillas (varias especies)</b>	quincenal	marzo a outubro
<b>Trips (<i>Heliothrips haemorrhoidalis</i>)</b>	quincenal	marzo a outubro
<b>Comedores de brotes e follas (<i>Cneorrhynus dispar</i>, <i>Otiorrhynchus sulcatus</i>)</b>	quincenal	marzo a xuño
<b>Eriofido de caída do botón floral (<i>Cosetacus camelliae</i>)</b>	mensual	marzo a xuño
<b>Eriofido do bronceado foliar (<i>Calacarus carinatus</i>)</b>	mensual	novembro a marzo
<b>Araña Vermella (<i>Tetranychus</i> e <i>Panonychus spp.</i>)</b>	quincenal	marzo a outubro



Observacións	Metodoloxía
produtores de melazas e/ou negrilla	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (face e envés) e/ou brotes ao azar nas plantas de peor aspecto.
produtores de melazas e/ou negrilla	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (face e envés) e talos ao azar nas plantas de peor aspecto.
produtores de melazas e/ou negrilla	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (face e envés) ao azar nas plantas de peor aspecto; observar decoloracións e prateados por picaduras.
	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 brotes ao azar nas plantas de peor aspecto; observar comeduras ou zonas negras nestes.
pode comezar a afectar dende finais de verán e outono	inspeccionar detidamente a presenza de botóns pechados caídos e un mínimo de 30 botóns ao azar e observar se os bordos das escamas florais toman un aspecto seco.
	inspeccionar detidamente a presenza de bronceado nas follas e un mínimo de 30 follas (face e envés) ao azar e observar se ademais do bronceado hai unha superficie poeirenta de restos de mudas e ceras do ácaro.
	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (face e envés) ao azar nas plantas de peor aspecto; observar decoloracións e prateados por picaduras e teas de araña no envés.



ENFERMIDADES NA CAMELIA		
Organismo	Frecuencia	Período
Negrilla (varias especies)	quincenal	todo o ano
Podremia gris ( <i>Botrytis cinerea</i> )	quincenal	primavera e outono
Manchas foliares de <i>Pestalotia spp.</i>	mensual	todo o ano
Podremia do colo e raíz ( <i>Phytophthora spp.</i> )	quincenal	primavera e outono
Murcho foliar ( <i>Phytophthora ramorum</i> )	quincenal	primavera e outono
Murcho de flores ( <i>Ciborinia camelliae</i> )	quincenal	decembro a abril
Manchas foliares ( <i>Sphaceloma, Septoria, Cercospora, Colletotrichum gloeosporoides</i> )	mensual	todo o ano
Podremia da raíz ( <i>Armillaria sp., Rosellinia necatrix</i> )	mensual	todo o ano
Danos nas ramas ( <i>Colletotrichum gloeosporoides, Phomopsis sp., Botryosphaeria dothidea</i> )	mensual	todo o ano
Virose (Camellia yellow mottle virus - CYMV)	mensual	todo o ano




Observacións	Metodoloxía
presenza de pulgóns, cochinillas e trips	inspeccionar visualmente dunha forma xeral sobre todo as follas de partes baixas (presenza de feluxe na face).
	inspeccionar visualmente dunha forma xeral sobre todo as follas novas, brotes e botóns florais (preferentemente no tempo húmido).
manchas foliares e talos verdes	inspeccionar visualmente dunha forma xeral sobre todo as follas de partes baixas (preferentemente tras inclemencias do tempo: xeadas, sarabia, etc).
	inspeccionar por riba das plantas para detectar seca de follas nos brotes ou nas zonas baixas. Se hai síntomas aéreos, observar escurecemento de raíces sacando do testeo; se isto ocorre mandar mostra ao Laboratorio.
	inspeccionar visualmente dunha forma xeral sobre todo as follas e talos para observar manchas características; se se sospeita mandar mostra ao Laboratorio.
	inspeccionar visualmente dunha forma xeral as flores (se podrecen e caen prematuramente, os pétalos teñen manchas marróns).
	inspeccionar visualmente dunha forma xeral talos e poliñas (se secan, mandar mostra ao Laboratorio).
	inspeccionar por riba as plantas para detectar seca de follas nos brotes. Se hai síntomas aéreos, observar colo da planta para placas miceliares brancas baixo a cortiza; se isto ocorre mandar mostra ao Laboratorio.
chancros en ramas e seca de poliñas	inspeccionar visualmente dunha forma xeral talos e poliñas (se secan), mandar mostra ao Laboratorio.
moteados foliares amarelados. Só transmitido por enxerto.	inspeccionar visualmente dunha forma xeral talos e poliñas (se secan, mandar mostra ao Laboratorio).



Táboa número A1-3. Folla de seguimento de pragas e enfermidades en ornamentais leñosas a realizar polo produtor.

Plagas xerais en ornamentais leñosas: INSECTOS		
ORDEN	Grupo de organismos	Frecuencia
Hemiptera	Chinches: Fam. <i>Tingidae</i> , <i>Miridae</i> , <i>Cercopidae</i>	bimestral
Hemiptera	Cicadélidos: Fam. <i>Cicadelidae</i>	mensual
Hemiptera	Psilas: Fam. <i>Psyllidae</i> , <i>Caesidaridae</i> , <i>Spondyliaspidae</i>	mensual
Hemiptera	Moscas brancas: Fam. <i>Aleyrodidae</i>	mensual
Hemiptera	Pulgóns: <i>Lachnidae</i> , <i>Chaitophoridae</i> , <i>Callaphidae</i> , <i>Aphididae</i> , <i>Pemphigidae</i> (*)	quincenal
Hemiptera	Cochinillas: Fam. <i>Diaspididae</i> , <i>Coccidae</i> , <i>Pseudococcidae</i>	bimestral
Thysanoptera	Trips ( <i>Heliethrips haemorrhoidalis</i> , <i>Thrips spp.</i> e outros)	quincenal
Coleoptera	Gusanos brancos: Fam. <i>Scarabeidae</i>	anual
Coleoptera	Gusanos do aramio: Fam. <i>Elateridae</i>	anual
Coleoptera	Comedores de follas: Fam. <i>Chrysomelidae</i>	mensual
Coleoptera	Gorgoxos e comedores de brotes: Fam. <i>Curculionidae</i>	mensual
Coleoptera	Barrenillos da madeira: Fam. <i>Scolytidae</i>	anual
Diptera	Minadores de folla: Fam. <i>Agromyzidae</i>	mensual
Diptera	Formadores de agallas: <i>Cecidomyidae</i>	bimestral
Lepidoptera	Comedoras de follas, frutos e minadoras: Fam. <i>Tortricidae</i> , <i>Noctuidae</i> , <i>Yponomeutidae</i> , <i>Gracillariidae</i>	quincenal
Lepidoptera	Gusanos grises: Fam. <i>Noctuidae</i>	anual
Lepidoptera	Taladros de madeira: Fam. <i>Cossidae</i>	anual
Hymenoptera	Comedores e minadores de follas: Fam. <i>Tenthredinidae</i>	bimestral
Hymenoptera	Formadores de agallas: Fam. <i>Cynipidae</i>	bimestral

	Período	Observacións	Metodoloxía
	marzo a outubro	produtores de melazas e/ou negrilla	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (haz e envés) e/ou brotes ao azar nas plantas de peor aspecto.
	marzo a outubro	produtores de melazas e/ou negrilla	inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (haz e envés) e/ou brotes ao azar nas plantas de peor aspecto; observar decoloracións e plateados por picaduras.
	calquer momento		inspeccionar en el transplante a súa presenza no chan (non en macetas).
	marzo a outubro		inspeccionar visualmente follas e brotes nas plantas de peor aspecto; observar comeduras ou perforacións en órganos verdes.
	calquer momento		inspeccionar detidamente troncos e ramas grosas para a presenza de perforacións con emisións de serrín.
	marzo a outubro		inspeccionar visualmente un mínimo de 30 follas (haz e envés) observar presenza de galerías foliares
	novembro a marzo		inspeccionar visualmente a presenza de deformacións e abultamentos nas follas e un mínimo de 30 follas (haz e envés) ao azar.
	marzo a outubro		inspeccionar visualmente follas e brotes nas plantas de peor aspecto; observar comeduras, bultos ou deformacións en órganos verdes.
	marzo a junio		inspeccionar detidamente un mínimo de 20 brotes ao azar nas plantas de peor aspecto; observar comeduras ou zonas negras en los mismos.
	marzo a agosto		inspeccionar detidamente troncos e ramas grosas para a presenza de perforacións con emisións de serrín.
	marzo a outubro		inspeccionar visualmente follas e brotes nas plantas de peor aspecto; observar comeduras, bultos ou deformacións en órganos verdes.
	novembro a marzo		inspeccionar visualmente a presenza de deformacións e abultamentos nas follas e un mínimo de 30 follas (haz e envés) ao azar.





Plagas xerais en ornamentais leñosas: ÁCAROS		
ORDEN	Grupo de organismos	Frecuencia
Acarina	Arañas vermella: Fam. <i>Tetranychidae</i>	mensual
Acarina	Erinose: Fam. <i>Eriophyidae</i>	bimestral

Plagas xerais en ornamentais leñosas: NEMATODOS		
ORDEN	Grupo de organismos	Frecuencia
Nematoda	Formadores de nódulos: <i>Meloidogyne</i>	anual
Nematoda	Formadores de quistes: <i>Globodera</i> , <i>Heterodera</i>	anual



Período	Observacións	Metodoloxía
xaneiro a xuño		inspeccionar detidamente un mínimo de 20 follas (haz e envés) ao azar nas plantas de peor aspecto; observar decoloracións e prateados por picaduras e telas de araña no envés.
novembro a marzo		inspeccionar visualmente a presenza de deformacións e abultamentos nas follas nun mínimo de 30 follas (haz e envés) ao azar.

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento		inspeccionar no transplante o estado das raíces; se presentan nódulos ou bultos.
calquera momento		análise de presenza en suelo antes de plantacións en viveiro. Algúnhas especies non afectan a ornamentais, pero son organismos de cuarentena e non poden estar presentes en sustratos (Globodera).



<b>ENFERMIDADES ABIÓTICAS (FISIOPATÍAS) EN ORNAMENTAIS LEÑOSAS</b>		
<b>DANOS DE TEMPERATURA</b>		
Causa	Danos	Frecuencia
Frío	Xeadas	mensual
Calor - Insolación	Quemaduras solares	mensual
<b>PROBLEMAS RELACIONADOS COA AGUA</b>		
Causa	Danos	Frecuencia
Exceso	Asolagamentos	mensual
Déficit	Seca	mensual
<b>DESÓRDENES NUTRICIONAIS</b>		
Causa	Danos	Frecuencia
Excesos	Toxicidade (ex. Aluminio)	mensual
Déficits	Carencias (ex. Boro, Calcio)	mensual
<b>DANOS QUÍMICOS</b>		
Causa	Danos	Frecuencia
Produtos Fitosanitarios	Toxicidade (por mala dosificación, deriva ou restos en equipos)	mensual
Propiedades do chan	Acidez, Alcalinidade e/ou Salinidade	quincenal
<b>DANOS MECÁNICOS</b>		
Causa	Danos	Frecuencia
Traumatismos	Sarabia, Vento e/ou Danos por labores culturais	mensual



Período	Observacións	Metodoloxía
inverno e ppio. de primavera	observar danos nos órganos verdes	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións
verán		

Período	Observacións	Metodoloxía
inverno e ppio. de primavera	apreciase clorose e seca do borde foliar	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións. Comprobar a humedade do sustrato.
verán		

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento	observar danos nos órganos verdes, principalmente follas e brotes	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións
calquera momento		

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento	observar danos nos órganos verdes, principalmente follas e brotes	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións
calquera momento		inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións. Comprobar pH e conductividade do sustrato.

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento	observar danos en calquera parte da planta	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións



ENFERMIDADES BIÓTICAS EN ORNAMENTAIS LEÑOSAS		
CAUSANTES DE DANOS FOLIARES O DE PARTES VERDES		
Causa	Tipos (exemplos)	Frecuencia
Fungos, Bacterias, Virus	Mildeus (ex. mildiu do rosál - <i>Peronospora sparsa</i> )	semanal
	Oidios (ex. oidio do evónimo - <i>Oidium euonymi-japonici</i> )	semanal
	Roias (ex. roia do xunípero - <i>Gymnosporangium spp.</i> )	quincenal
	Manchas foliares (ex. negrillas - <i>Capnodium sp.</i> / antracnose do plátano - <i>Gnomonia veneta</i> / seca das acículas - <i>Lophodermium</i> o <i>Dothistroma sp.</i> )	quincenal
	Podremias (ex. podremia gris - <i>Botrytis cinerea</i> )	semanal
	Deformacións (ex. lepra ou abolladura - <i>Taphrina sp.</i> / agallas - <i>Exobasidium spp.</i> )	mensual
CAUSANTES DE DANOS EN ZONAS LEÑOSAS AÉREAS		
Causa	Tipos (exemplos)	Frecuencia
Fungos, Bacterias, Virus	Chancros (ex. chancros variados - <i>Botryosphaeria</i> , <i>Nectria</i> , <i>Seiridium sp.</i> )	mensual
	Necrose (ex. seca de ramillas - <i>Phomopsis sp.</i> )	quincenal
	Podremia (ex. podremia de madeira - <i>Ganoderma</i> , <i>Trametes</i> , <i>Phellinus</i> , etc.)	mensual
	Deformacións (ex. tuberculose do olivo - <i>Pseudomonas savastanoi</i> / tumores - <i>Agrobacterium tumefaciens</i> )	mensual
CAUSANTES DE DAÑOS RADICULARES		
Causa	Tipos (exemplos)	Frecuencia
Fungos, Bacterias, Virus	Necrose (ex. Tinta do castiñeiro - <i>Phytophthora cinnamomi</i> / necrose radicular - outras <i>Phytophthora spp.</i> )	quincenal
	Podremias (ex. podremi branca da raíz - <i>Armillaria ssp.</i> ou <i>Rosellinia necratix</i> )	quincenal
	Deformacións (ex. tumores - <i>Agrobacterium tumefaciens</i> )	mensual
CAUSANTES DE DAÑOS INTERNOS		
Causa	Tipos (exemplos)	Frecuencia
Fungos, Bacterias, Virus	Necrose (ex. azulado ou manchado da madeira - <i>Ceratocystis</i> , <i>Leptographium</i> , etc.)	mensual
	Podremias (ej. podredumbres da madeira: branca - <i>Ganoderma</i> e outros; marrón - <i>Laetiporus</i> e outros; blanda - <i>Ustilina</i> e outros)	mensual
	Danos vasculares (ex. verticilosis - <i>Verticillium dahliae</i> ; grafiose do olmo - <i>Ophiostoma novo-ulmi</i> )	mensual

Período	Observacións	Metodoloxía
primavera	observar danos nos órganos verdes (manchas, podremias, necrose e deformacións)	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións, detectar plantas con síntomas e observar detidamente os síntomas.
final primavera e ppio. verán		
final primavera e ppio. verán		
primavera - verán		
primavera		
primavera		

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento	observar danos en ramas e tronco (manchas, chancros, podremias, necrose e deformacións)	inspeccionar detidamente a parcela desde varias orientacións, detectar plantas con síntomas e observar detidamente os síntomas.
final primavera e ppio. verán		
calquera momento		
calquera momento		

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento	observar danos en colo e raíces (manchas, necrose, podremias e deformacións)	inspeccionar detidamente zonas radiculares e o colo das plantas cando aparezan síntomas de clorose, falta de crecemento ou murchez na parte aérea
calquera momento		
calquera momento		

Período	Observacións	Metodoloxía
calquera momento	observar danos en ramas a partir de feridas ou cortes de poda	inspeccionar detidamente as zonas con danos de heridas ou de poda en tronco ou ramas
calquera momento		
calquera momento		



## ANEXO 2. PLANTA ORNAMENTAL DE GALICIA

Táboa número A2-1. Planta ornamental producida en Galicia, segundo datos facilitados polos principais produtores de planta ornamental.

Nº	XÉNERO	ESPECIE	VARIETADE
1	<i>Abelia</i>	<i>chinensis</i>	
2	<i>Abelia</i>	<i>floribunda</i>	
3	<i>Abelia</i>	<i>x grandiflora</i>	'Francis Mason'
4	<i>Abelia</i>	<i>x grandiflora</i>	
5	<i>Abelia</i>	<i>x grandiflora</i>	Edward Goucher
6	<i>Abelia</i>	<i>x grandiflora</i>	Confettii
7	<i>Abelia</i>	<i>x grandiflora</i>	'Gold spot'
